

Xoves, 10 de outubro de 2019

Núm. 195

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL VACACIÓNS DONA ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

R E S O L U C I Ó N

Dada conta que a deputada provincial Ana Laura Iglesias González vai a estar ausente por vacacións durante os días 7 ó 20 de outubro, ambos inclusive,

Resultando que mediante Resolucións Presidenciais de 15 de xullo e 1 de agosto de 2019 (Rex. núm. 2019012988 e 2019014186, respectivamente) delegáronse as competencias en materia de TURISMO e XUVENTUDE (Información e promoción turística, Xacementos arqueolóxicos (convenio en desenvolvemento co Ministerio de Fomento), Fomento de industrias turísticas e artesanía, Turismo Rías Baixas, Castelo de Soutomaior, Castelo de Sobroso, Turismo accesible – Pousadas do Salnés. Xuventude (programas que favorezan a participación activa da xuventude)) en Dona Ana Laura Iglesias González.

Resultando que como consecuencia de dito motivo procede que por esta Presidencia se recupere a competencia para delegala transitoriamente en outro deputado,

Considerando o disposto nos arts. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro; 63,3 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

R E S O L V O

1.—Avocar as competencias que Dona Ana Laura Iglesias González ostenta, polo motivo da ausencia antes exposta.

2.—Delegar durante os días 7 ó 20 de outubro, ambos inclusive, as citadas competencias no deputado, D. Carlos López Font.

3.—A partir da finalización do citado período de vacacións as competencias delegadas volverá a ostentalas, de conformidade coas Resolucións anteriormente mencionadas a deputada, Dona Ana Laura Iglesias González.

4.—Esta Resolución surtirá efectos dende o día 7 de outubro, sen prexuízo da súa integra publicación no BOPPO e na páxina web.

Pontevedra, 1 de outubro de 2019

O SECRETARIO

